

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES FERROL VELLO  
CURSO: 3º ESO  
MATERIA: MÚSICA  
DEPARTAMENTO: MÚSICA  
DATA: 02-06-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – 3º ESO**

Avaliación			Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1ª	2ª	3ª		
			B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
			B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.	MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.
			B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.	MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais
			B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común	MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos
				MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
				MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.

Avaliación			Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1ª	2ª	3ª		
			B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común	MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nive
				MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.
				MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
				MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
			B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións	MUB2.1.1. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.
			B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións	MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

Avaliación			Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1ª	2ª	3ª		
			B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.	MUB2.4.1. Amonsa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.
				MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas
			B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.	MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
			B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas	MUB3.1.1. Expressa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.
				MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando cunha linguaxe adecuada a época histórica á que pertencen
				MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.
			B3.2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa	MUB3.2.1. Amonsa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal.

Avaliación			Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1ª	2ª	3ª		
			B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.	MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.
			B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música estudadas	MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música estudadas e as tendencias musicais.
				MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade
			B3.5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.	MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais
				MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
			B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.	MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical
				MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías
			B4.2. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.	MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Avaliarase mediante a revisión das tarefas propostas. Proporcionaremos retroalimentación, o reforzo e a atención personalizada necesaria para que o noso alumnado siga sendo consciente dos seus avances e dos aspectos a mellorar</p> <p>Instrumentos: Traballo semanal en forma de tarefa distribuído no mesmo número de sesións que teríamos na educación presencial</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para obter a cualificación final na materia de Música, que será a mesma para a 3ª avaliación (de carácter diagnóstico segundo as indicación recibidas) e a avaliación ordinaria, teremos en consta o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O alumnado que ten aprobadas a 1ª e a 2ª avaliación, aprobará a materia. Se a nota da 1ª e da 2ª avaliación coincide, a súa nota será a mesma ou mellor (ver os seguintes puntos).</li> <li>- Se a nota da 1ª e da 2ª non coincide, farase a media aritmética. No caso de que o resultado sexa un número decimal, para acadar o seguinte número enteiro ou decimal terán que ter entregado polo menos o 70% das tarefas do 3º trimestre.</li> <li>- No caso de terse realmente involucrado na 3ª avaliación e ter entregado máis do 90% das tarefas, non só levarán o segundo número enteiro como cualificación final, senón que esta subirá un punto</li> <li>- Isto tamén aplicarase a aqueles que tiñan a mesma nota na primeira e na segunda</li> <li>- En definitiva, todo o alumnado poderá subir a súa cualificación nun 10% (ate 1 punto) se se involucra na 3ª avaliación e entrega máis do 90% das actividades propostas.</li> <li>- O alumnado que ten aprobada a primeira avaliación pero non a segunda ou viceversa, terá que facer o traballo de recuperación (da avaliación correspondente) para aprobar. Este traballo consistirá en tarefas teórico-prácticas dos mínimos esixibles.</li> <li>- O alumnado que ten suspensas as dúas avaliación, terá tamén que realizar tarefas (das dúas avaliacións) para recuperar a materia.</li> <li>- Ditas tarefas de recuperación deberán ser enviadas á profesora dentro do prazo comunicado ao alumno por correo electrónico . No caso de non presentar a totalidade das tarefas propostas pola profesora ou de non envalas no prazo establecido, o alumno terá que realizar unha proba escrita no mes de xuño.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>A proba extraordinaria de setembro está destinada a aquel alumnado que obteña a cualificación de insuficiente na convocatoria ordinaria. Será unha proba escrita sobre os contidos mínimos recollidos neste mesmo documento</p>

<b>Alumnado de materia pendiente</b>	<b>Procedementos:</b> Durante a fase de confinamento a profesora facilitou aos alumnos de 4º ESO as tarefas (vía correo electrónico) que tiñan que realizar para superar a materia de música pendente de 3º.
	<b>Instrumentos:</b> Traballo semanal en forma de tarefa enviado por correo electrónico
	<b>Criterios de avaliación:</b> Presentar tarefas (facilitadas pola profesora por correo electrónico) dentro do prazo establecido
	<b>Criterios de cualificación:</b> O alumno superará a materia pendente se entrega ben feitas o 70% das tarefas facilitadas pola profesora. No caso de non ter ben feitas o 70% das tarefas propostas pola profesora ou de non envalas dentro do prazo establecido, o alumno terá que realizar unha proba escrita no mes de xuño.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Durante o terceiro trimestre e como xa viñemos facendo dende que se decretou o estado de alarma, indicaremos as actividades que o noso alumnado debe realizar a través da axenda dixital creada para cada grupo e cuxa ligazón foi enviada a través de Abalar-Móbil e aos correos de dominio @iesferrolvello.org de todo o alumnado. Tentaremos que sexan actividades variadas que permitan reforzar e afianzar coñecementos e contidos e, ao mesmo tempo, espertar a curiosidade por seguir aprendendo.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Na axenda escolar a través de enlaces ou por correo electrónico proporcionarase ao alumnado as actividades para poder reforzar, afianzar e, de ser o caso, ampliar coñecementos. O alumnado disporá do correo da profesora para enviar as tarefas propostas e preguntar posibles dúbidas A profesora impartirá videoconferencias para explicar e aclarar dúbidas Os titores comunicaron á dirección o alumnado que non tiña conectividade para solventalo dende o propio centro
<b>Materiais e recursos</b>	Tareas elaboradas pola profesora, enlaces de páxinas web, app de instrumentos virtuais



#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A información ao alumnado ( e as súas familiar, de ser o caso) proporcionarese a través dos correos de dominio @iesferrolvello.org e da axenda dixital de cada grupo
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.